

# galicia unida e de pe frente o "bunker" e polas libertades

## **POLA AICION DEMOCRATICA NACIONAL GALEGA OFENSIVA REIVINDICATIVA DO MOVIMENTO OBREIRO E POPULAR O PAUTO NACIONAL QUE PROPOÑEN OS COMUNISTAS GALEGOS**



órgao do partido comunista de galicia

ANO VII - Nº 20

25 OUTUBRO 1.975

Precio: 8 Pts.

España vive nunha atmósfe-  
ra de tensión dramática que  
non ten precedentes. Un xefe  
de Estado secuestrado polo -  
seu clan familiar, virtual -  
ou realmente morto, non tras-  
mite os poderes o seu desina-  
do sucesor e rixe aínda, no-  
minalmente, os destiños dos  
pobos que constitúen ese Es-  
tado. Eso ocorre contra toda  
lóxica, contra os intereses-  
da aplastante maioría da so-

cidade galega, contra a súa  
voluntade. Enterrar política-  
mente ese cadaver insepulto-  
que se chama Francisco Fran-  
co é hoxe unha eixixencia de  
interés nacional e de Estado  
En salir da situación presen-  
te están interesadas todas -  
as clases sociais, dende a  
clase obreira á burguesía, -  
aquelas institucións que como  
as Forzas Armadas teñen unha  
misión que sobrepasa a eisis

tencia dun sistema político-  
que está histórica e políti-  
camente acabado.

Todos os grandes proble-  
mas: económicos, sociais, in-  
ternacionais, están hoxe en  
suspense. Todo depende de si  
o morto se levanta aínda da  
capilla ardente. É unha ver-  
goña nacional.

Os mais altos intereses -  
eixixen acabar con esta si-  
tuación que o degrada todo,-  
que leva a corrupción do po-  
der hastra límites insospei-  
tados, que empequenece, ailla  
e denigra a España no concer-  
to internacional. Pro os pro-  
blemas que angustian o pobo-  
e o país non poderán ser re-  
soltos coa transferencia do -  
poder de Franco a Juan Car-  
los. O que reclamara o con-  
testo social é un réximen de  
libertades.



## **DECLARACION DEL PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA**

**página 8**



O Partido Comunista de Galicia está disposto a facer todo, todo, pra que a clase-obreira e o pobo galego dé o seu decidido aporte o ouxeto de culminar a imperiosa, urxente e histórica empresa de conquistar ese réximen de liberdades.

Esta tarefa pode ser realizada nun prazo corto, por medio da mobilización dos traballadores e demais capas do pobo; pola unidá e a converxencia política das forzas de oposición no contesto do Estado e en cada nacionalidá, rexión, país ou provin-

cia; asumindo a Eirexa con - mais vigor unha posición favorable o cambio democrático; intensificando a clase obreira e as masas os contactos e os diálogos coa exércitos de terra, mar e aire; neutralizando ó máisimo as forzas de Orden Público. Realizando a Aición Democrática Nacional.

## a crisis do réximen entra nunha fase moito mais aguda

Con franco moribundo agudízase a contradición entre este e a camarilla familiar e os que pretenden impoñer en vida de aquél o príncipe. A crisis do réximen entra nunha nova fase moito mais aguda. Poténcianse extraordinariamente os factores que incidían na evolución da situación política anterior o día 21.

Coas execucións do 27 de setembro o réximen habíase colocado xa o borde do abismo. A eisperencia das dramáticas tensións vividas -provocadas polos ultras do "Bunker"- debían e deben abrir os ollos a quenés, dentro do aparello do Estado ou no seo da burguesía, todavía os manteñen pechados ou a medio abrir. Si en vísperas do 21 o dilema era: ou España, dentro da clase obreira hastra a burguesía pasando polos sectores patrióticos das Forzas Armadas e de Orden Público, -se unen pra acabar pacificamente co feixismo e a súa monarquía Juancarlista, ou o "Bunker" acaba con España sumíndoa no caos e a anarquía, ese dilema adquire hoxe unha dimensión moito maior e a necesidá dunha alternativa -

común das forzas democráticas e da Aición Democrática Nacional pra impoñela, preséntase como mais apremiante.

Os factores que deben levar á cristalización desta alternativa, non soio non se debilitaron sinon que adquiren maior forza.

Os aprendices de bruxos que desencadearon no derradeiro periodo a ofensiva da represión fracasaron.

En xeneral o movemento obreiro, popular e democrático, pesia os golpes recibidos, non somentes mantén intacta a súa forza sinon que ha veu acrecentada o responder coa aición de masas en diversos lugares e especialmente en Euzkadi. A loita contra as execucións levada a cabo pola clase obreira e o pobo vasco, e o seu frente polo P.C. de Euzkadi, loita que supera as anteriormente realizadas, merece ser saudada e tomada como exemplo pola clase obreira e tódolos pobos de España.

A forza obreira e democrática, potenciada coa vitoria electoral sindical do Movemento Obreiro orientado polas Comisiós Obreiras, vése reafirmada cos trunfos logra-

dos na segunda fase o copar os traballadores as UU.TT.TT. mais importantes, tanto en Galicia como en outras partes. O xeneralizarse entre a poboación a opinión de que "esto non pode continuar así" profundízouse i estendeuse entre as masas o desexo de pasar a aición polo cambio pacífico e democrático. Na nova fase en que entrou a crisis preséntase con mais acuidade a necesidá de intensificar a loita por este cambio.

A posibilidade dun acordo Xunta Democrática-Plataforma de Converxencia, aparecida en plena conmoción política do país, coa publicación do seu Comunicado, significa que a oposición democrática acadou xa unha outa cota de unidá e converxencia. Pra lograr ese cambio democrático e o establecemento dun goberno provisional, é necesario que esa unidá e converxencia culmine na creación dunha coalición de todas as forzas democráticas a nivel do Estado, que sirva de catalizador de vontades.





Os atisbos de criterio -- propio que agora parece facer Juan Carlos non liberan a éste da súa responsabilidade por todo o que está pasando. ¿Quén mínimamente responsable o apoiaría agora cando se enterrou voluntariamente no "Bunker"? Os berros que escoitou na Plaza de Oriente da mau do cadaver político de Franco foron como as campanas que tamén tocan por él a morto.

Con motivo das execucións, si se escluye o silencio cómplice do imperialismo norteamericano, o boicot internacional o réximen franquista nunca foi tan grande. O que pasa nestes intreos acentúa -- ese aillamento. E unha demostración de que a niveles europeos considérase ó réximen como acabado e deséxase que as forzas político-sociales que emerxen dende a oposición pasen a rexir os destinos de España.

A represión gubernamental contra xóvenes oficiais -- prestixiou a éstos e refor-

zou no seo das Forzas Armadas as correntes liberais e democráticas. A aparición pública de Unión Militar Democrática abre a ese respecto novas posibilidades. A relación entre o Exército e o pobo debe intensificarse.

A incidencia da U.M.D. -- dentro e fora das Forzas Armadas, contribúe a que entre os altos mandos do Exército, a Aviación e a Marina se acentúen os criterios contrarios a que os militares sigan comprometéndose e xuzgando en Consellos de Guerra os delitos políticos, sirvan como forza represiva contra o pobo vasco.

Estas circunstancias obrigaron a Franco e o seu goberno a renunciar -- de momento -- a novas execucións, pasar o T.O.P. os Consellos de Guerra sumarísimos pendientes e contemplar "con serenidá" a morte de 11 axentes do Orden Público polos grupos terroristas e a inutilidade do Decreto-Ley destinado a acabar -- con eles.

Si algo demostrou a pasada crisis que sacudiu a España -- e o mundo -- foi que a alternativa democrática defendida polo Partido Comunista e outras forzas e a Xunta Democrática de España, é a única solución posible e realista pros problemas do país. Si algo quedou claro tamén e o "non" rotundo os métodos terroristas do FRAP e outros grupos ultrasquerdistas, que os comunistas condenamos reiteradamente, e as "alternativas" por estos grupos propostas.

Acalar ou manter a golpe de pistoletazos nun segundo plano a intervención protagonista das masas e das forzas democráticas na vida política, somentes interesa a unha infima minoría ultra que detenta o poder.

Salir da situación aínda susceptible de depender en -- demasiada medida das manobras e provocacións do "Bunker" e da ultrasquerda terrorista, é unha necesidade político-social insoslayable.

---

## preparémonos pra conquistar a libertá

O Pleno do C.E. do P.C. de Galicia considera que se están creando as condicións pra dar un gran salto en tres direccións: a) avances concretos hacia a Aición Democrática Nacional; b) concreción da plena unidá nacional ou pauto da oposición democrática; e c) incremento das relacións e o traballo hacia os tres exércitos a tres niveles: altos mandos, oficiais demócratas e patriotas e soldados, así como hacia a Guardia Civil e a Policía Armada.

O oxeto é lograr que o protagonismo de masas e unitario poida neutralizar calquer provocación ultra e se garante a corto plazo a Aición Democrática Nacional que derrumbe a ditadura.

Pra todo o dito é condición "si ne qua non" a audacia das forzas democráticas, pro sobre todo a iniciativa revolucionaria dos militantes comunistas e dos movementos de masas. A Aición Democrática Nacional pode cuaxar moi pronto nunha coiuntura ou viraxe da situación.

Este viraxe pode producirse como resultado da propia actividad e loita das masas, e a eso deben tender as forzas de vanguardia. Pro pode producirse tamén como consecuencia de cambios ou intentos de cambio á cabeza do Estado, coa substitución de Franco por Juan Carlos ou coa imposición dunha "solución" -- "centrista". Calquera que fosen as forzas susceptibles --





de comprometerse nela, a solución "centrista" tería como o uxetivo asegurar o continuísmo, furtar a necesaria salida democrática, impidiendo que se lle devolva o pobo os seus dereitos soberanos.

En semellante coiuntura -- as forzas revolucionarias -- obreiras e democráticas haberían de salir a rua, eisixir a libertade dos presos polí-

ticos ou facela efeutiva de modo direuto, así como a amnistía pra éstos e os esiliados; ocupar os Sindicatos -- nos cales os obreiros conquerrón xa posicións fundamentais; as entidades e partidos políticos obrigados hoxe a vivir na clandestinidá emerxerían á superficie. Imporía se unha prensa e demais medios de comunicación sin cen-

sura. Conquista tras conquista habería de acabarse por -- imponer, por medio da Aición Democrática Nacional, a democracia. Esta imposición en Galicia concretaríase en proclamar o goberno provisional autónomo galego no intre en que o goberno provisional de coalición e de reconciliación nacional fose proclamado á -- cabeza do Estado.

## urxe un pauto nacional galego, base do goberno autónomo

A Xunta Democrática de Galicia é a cota mais outa de Unidá Nacional alcanzada hoxe pola oposición galega e o único orgaísmo unitario e pluralista de que dispón o pobo galego na aitualidade.

O Partido Comunista de Galicia participa na Xunta Democrática apoiándoa sin reservas e con todo o seu peso e ve necesario fortalecela con mais sectores capitalistas galegos que estén a favor de cambios democráticos. E preciso fuxir de que as Xuntas Democráticas deveñan esclusivamente en plataformas de esquerda.

E unha eisixencia o levar a alternativa da Xunta os medios agrarios e pesqueiros. -- As Xuntas Democráticas deben ser cada vez mais, órgaos de movilización das masas, pra o cal urxe orgaizar na práctica XX.DD. en todos os sectores e a todos os niveles. -- As masas teñen que conocer e apoiar as Xuntas Democráticas en maior medida aínda -- que hastra o presente.

Comisiós Obreiras e outros movimentos de masas orgaizados non somentes deben participar direutamente e con -- mais forza no traballo das -- XX.DD. sinon en toda a tarefa de unir a oposición.

A Xunta Democrática Galega non conten todo o representativo das forzas nacionais galegas interesadas na -- democracia. Sin chegar a plena Unidá Nacional Galega resultaría mais difícil que Galicia, desplegando todo o -- seu potencial combativo, participe en vanguardia na Aición Democrática Nacional -- que traiga a España a democracia e o mesmo tempo proclame, dende o primeiro minuto da rutura, un goberno provisional galego que naide -- vai a regalarnos e que deber ser fruto, en primeiro lugar, da nosa propia determinación e Unidá Nacional.

Pra cumprir esta tarefa histórica as forzas políticas e sociais galegas debemos pechar filas orededor -- dun Programa democrático mínimo acorde co interés nacio

nal de Galicia na presente coiuntura política.

Neste orden, o P.C.G. propón a tódalas forzas políticas e sociais galegas representativas un PAUTO NACIONAL GALEGO. A base de dito Pauto a nivel do Estado sería o rechazo do continuísmo da monarquía feixista de Juan Carlos, movilización de masas -- como medio de lograr a rutura democrática, Goberno Provisional central, amnistía, -- restitución das libertades democráticas sin esclusións, -- e que os pobos de España decidan democráticamente a forma de Goberno e de Estado. A nivel nacional galego: goberno provisional autónomo de -- coalición democrática e Unidá Nacional que presida e impulse en Galicia o proceso -- constituente a partir do intre da conquista da democracia. A culminación dese proceso siñificará o dereito de autodeterminación nacional -- pra nosa nacionalidá. Ningun





ha promesa "centrista", de mancomunidade rexional ou proposta semellante, pode substituír a estas exigencias hoxe insoslayables.

O Pauto Nacional Galego poderá ser fruto da unidade de acción e de negociacións entre a Xunta Democrática de Galicia e as forzas que non forman parte desta. O oxetivo debe ser chegar a un organismo único da oposición galega, sin que para elo debamos esperar necesariamente a que este se logre en Madrid. Tampouco se pode infravalorar e menos votar pola borda ou facer tabla rasa dos avances unitarios plasmados hoxe na Xunta Democrática de Galicia. O Pauto Nacional Galego significará un paso o fronte decisivo somentes no caso -- que represente un nivel de

unidade superior a Xunta Democrática de Galicia e ningún paso atrás respecto a ésta.

O Pleno do C.E. do P.C. de Galicia reafirma a conciencia disposición negociadora do P.C.G. e a seriedade con que hoxe e sempre estamos dispostos a asumir os nosos compromisos políticos. Flexibilidade e consecuencia que sabemos tamén nos nosos aliados presentes e esperamos dos nosos aliados futuros. Decláramonos dispostos a asumir, sin sombra algunha de vacilación, as nosas responsabilidades históricas como partido nacional galego. O Partido Comunista de Galicia é por razóns estratéxicas un partido de liberación nacional e social, loita consecuentemente polo dereito de autodeterminación de Galicia e porque ésta constituía unha

federación cos demais pobos de España. Preconizamos un Estado Federal.

Dirixímonos especialmente o M.S.G., o P.S.G. e o P.G.S.D. chamándoos a concluir a X.D. de Galicia no prazo máis breve posible o Pauto Nacional que nestes intreos o interés de Galicia exige.

En nome do interés nacional galego dirixímonos tamén a U.P.G. Invitámola a que contribúa o Pauto Nacional prescindindo de todo intento de utilización do terrorismo individual que facilitaría os plans "ultras" obstaculizando a liberación de Galicia. O terrorismo individual é un método de loita que o pobo rechaza e que levaría á U.P.G. o seu aillamento político e a un calexón sin saída.

---

## avanzar cara a acción democrática nacional galega

Por un lado poñendo en marcha unha poderosa dinámica reivindicativa do movemento obreiro, campesiño, de pescadores e mariscadores, estudiantil e de todo o fronte do ensino, da sanidade, de veciños dos barrios, xuvenil, de mulleres, etc. Por outro, realizando xornadas de acción democrática galega apoiándose, como experiencias concretas, na xornada do 20 de febreiro e na acción do 27 de setembro en Rianxo.

Chamamos a atención sobre as importantes loitas que se avexían por parte dos estudantes, ensenantes e traba-

lladores da sanidade, debido á acumulación de problemas sobre estes sectores. Sobre todo si se dá unha utilización intelixente e combativa dos cargos legais conquistados nas eleccións sindicais no Ensino e Sanidade e dos que se poden lograr nos centros de estudio, si resulta, como desexamos, victoriosa a batalla capital das eleccións estudiantiles.

A vanguardia debe ser sensible en todo intre a coiunturas imprevistas que poden desencadear, si se interven a tempo, importantes movementos xeneralizados. Isto é vá-

lido tanto a nivel de sector, local ou de Galicia, como é válido a nivel do Estado español.

A xeneralización das loitas é esencial como medio de paralizar a represión. As accións e as folgas de solidariedade deberán pasar a primeiro plano na medida que interese como defensa dos propios movementos de masas e tamén como medio de intervir éstos na dinámica política do país.

As reivindicacións políticas democráticas, os 12 pun-



tos da Xunta Democrática de España e o programa da Xunta Democrática de Galicia, son-hoxe reivindicacións inmediatas e como tales poden ser asumidas polas masas en loita, en combinación coas reivindicacións económicas e profesionais.

A oposición e os movementos de masas deben aprovei-

tar todas as posibilidades que o desenrolo da acción política (condicionada con frecuencia pola "ley do péndulo") poida presentar pra abrir de novo "zonas de libértá" ou crear outras novas a través da prensa, aitos públicos, -asambleas masivas, plataformas legais, etc. que facili-

ten a marcha hacia a Aición Democrática Nacional.

A Aición Democrática Nacional, o levantamento de millóns de cidadáns de diferentes clases sociais e niveis de conciencia democrática, será a confluencia e a síntese de loitas e folgas reivindicativas, solidarias e políticas.

## o movemento obreiro galego despois da vitoria electoral

O trunfo do Movemento Obreiro, orientado polas CC.OO. nas dúas primeiras fases das eleccións sindicais, pon nas súas mans Xurados e UU.TT.TT., en todas as cidades galegas. Isto é así particularmente nas empresas do metal e as ramas que mais deciden en Galicia. A ocupación de posicións dentro do Vertical nunca foi tan profunda e estensa.

A utilización correcta destas posicións permitirá en ceter e coordinar unha ofensiva reivindicativa e de loita obreira contra as consecuencias da crisis económica, particularmente contra o paro obreiro e a conxelación salarial, a carestía da vida e a represión da patronal e do réximen.

Comisións Obreiras necesitan partir da nova realidade creada coa vitoria electoral pra estender, coordinar e fortalecer moito mais as súas estruturas e poder orientar un movemento obreiro que a vitoria electoral ensan-

chou enormemente abrindo posibilidades, hastra agora desconocidas, pra avanzar na conquista efectiva polos traballadores do sindicato.

Os novos organismos sindicais representativos deben situar o centro de decisión nas masas orgaizando asambleas a nivel de empresa, de rama e de cargos sindicais; servir de intermediarios entre os traballadores e a patronal ou as autoridades, presentando e negociando as plataformas reivindicativas; actuar de centros de convocatoria de mobilización cando sea preciso. A través do traballo cotidiano nos Xurados e as UU.TT.TT. as CC.OO. poden facer mais profunda a súa influencia na empresa e chegar a multitudes de novos centros de traballo.

A loita por plataformas reivindicativas basadas ou non nos programas electorales, dentro ou fora dos convenios colectivos, a nivel de empresa, rama ou localidade, pra ser mais eficaz habería-

de coincidir no tempo a nivel de Galicia.

A difícil situación económica de moitas empresas e ramas e as intencións represivas do réximen, que pode pensar que a man dura e a mellor receta pra impedir que se desenvolva contra él todo o potencial acumulado derradeiramente polo M.O. español, fan necesario plantexarse o impedir posibles despidos, detencións ou o Lock-out dos empresarios mediante accións de solidariedade convocadas por asambleas en sindicatos ou desde as UU.TT.TT. Non debe excluírse unha Folga Xeneral en caso de darse despidos ou represión masiva en calquera localidade, como ocorreu en Pontes de García Rodríguez. Pra ganhar o apoio de toda a poboación é preciso sacar os conflitos a rúa.





# orgaizar e mobilizar a gran maioría da poboación

O Pleno do C.E. do P.C. de Galicia subraia a importancia de camiñar naquelas direccións que nos permitan apoiarnos na gran maioría da poboación traballadora e impulsala a acción. Esa é a nosa misión como partido marxista-leninista da clase obreira galega.

Debemos dirixir cada vez maiores esforzos hacia os campesiños, hacia os marneiros, hacia as mulleres.

A aitividá hacia esos sectores do P.C.G. teñen que incrementarse aínda moito máis, hastra que se superen as insuficiencias dos movementos campesiño, mariñeiro e de mariscadores, e se estendan e consoliden en maior grado as nosas orgaizaciós nas aldeas, as zonas do litoral e portos pesqueiros. Sigue en pé a no

sa consiña: "volverse cara o campo e o mar".

Xunto a impulsar o Movemento Democrático de Mulleres, é necesario situar a un nivel superior a participación destas (máis do 50% da poboación) na loita nos diversos movementos de masas e no partido. Hai que facer efectiva a consiña de que o Partido Comunista é o partido da liberación da muller.

No Partido Comunista de Galicia militan xa comunistas cristiáns. Teremos que realizar un esforzo audaz á par que unha laboura de esclarecemento político, para que se multipliquen esos casos e centos de cristiáns revolucionarios, de obreiros e campesiños, de xóvenes e mulleres creentes, encontren o seu lugar no P.C. de Galicia, vanguardia da clase obreira e do pobo galego.

Pra esa laboura de esclarecemento e pra todo o noso traballo ideolóxico e político, dispoñemos hoxe dun documento inapreciable: o Manifesto-Programa do Partido Comunista de España. A difusión, discusión e estudo do Manifesto-Programa, do informe do camarada Carrillo, do chamamento a favor da liberación da muller e demais materiais aprobados na II Conferencia do P.C.E., os esforzos pola aplicación do seu contido as realidades galegas concretas, deben potenciar ó máis o Partido no orden ideolóxico, político e orgánico.

O Pleno do C.E. do Partido Comunista de Galicia.

23 de Outubro de 1.975





# DECLARACION DEL PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

be salir resueltamente a la luz pública y hacer acto de presencia en nombre del pueblo. Simultáneamente, debe buscar el contacto con los representantes de las Fuerzas Armadas, a todos los niveles posibles, a fin de crear relaciones que faciliten el tránsito pacífico hacia la democracia.

Cuanto más pronto se establezca en nuestro país un Gobierno provisional de amplia coalición, de reconciliación nacional, que comprenda a las fuerzas de derecha, centro e izquierda acordes en restablecer las libertades y convocar elecciones constituyentes, más fácil y rápidamente saldrá España de la grave crisis abierta ya antes y agudizada radicalmente al desaparecer el dictador.

A este fin el Partido Comunista, con el conjunto de fuerzas que componen la Junta Democrática de España, estima necesario acelerar las negociaciones que se vienen desarrollando entre ésta y la Plataforma de Convergencia Democrática, así como con todas las otras fuerzas nacionales dispuestas a pactar una alternativa democrática que dé garantías a los más vastos sectores del país.

La tarea inmediata que incumbe a todas esas fuerzas, sin exclusión, es establecer las libertades políticas democráticas para los pueblos de España. Sobre la forma del Estado y del Gobierno, sobre las reformas y transformaciones de cualquier otro tipo, serán las Cortes Constituyentes elegidas por el pueblo las que estatuirán posteriormente en uso de la autoridad conferida por el sufragio libre de los ciudadanos.

Pero en este momento, en que grupos minoritarios están ventilando a espaldas del país -al que se mantiene deliberadamente en la ignorancia de cuanto sucede-, los destinos del Estado español, nos urge llamar la atención sobre la suerte de millares de presos políticos, amenazados en su seguridad y su vida por los grupos ultras, que ya han hecho intentos de penetrar en la cárcel de Carabanchel.

¡Llamamos a los trabajadores, a las mujeres, a la juventud, a todos los sectores sociales, comprendidas las Fuerzas Armadas, a garantizar la seguridad y la vida de los presos políticos!

La primera tarea, al desaparecer Franco, es obtener la liberación de todos los presos políticos, la amnistía para los presos y exiliados. La voluntad de obtener estos objetivos, primer paso hacia la reconciliación de los españoles, hay que afirmarla en la calle, masivamente, mediante poderosas manifestaciones populares.

Igualmente, en esta situación hay que vigilar estrechamente a los grupos ultras del franquismo, impidiendo resuelta y enérgicamente sus maniobras, acudiendo al concurso de cuantos rechazan la idea de una nueva guerra civil y aceptan el establecimiento de la democracia.

El Comité Ejecutivo del Partido Comunista de España.

24 de octubre de 1975

La desaparición del general Franco -que después de las últimas noticias puede considerarse como un hecho prácticamente consumado- crea una situación nueva, en la que todas las fuerzas responsables deben orientar su actitud mirando a los auténticos intereses de España. Esta nueva situación es más favorable para que un protagonista hasta ahora marginado, el pueblo español, entre masivamente en escena y conquiste el papel decisivo que le corresponde.

Ni la monarquía del Movimiento ni ningún otro poder impuesto por arriba, que intente seguir gobernando con métodos semejantes a los utilizados hasta hoy, pueden ser considerados como una solución válida y durable.

La desaparición de Franco es el fin de un periodo histórico, de sus leyes y sus instituciones, y cualquier intento de prolongar éstas, de seguir gobernando a España como un país menor de edad, no servirá más que para acrecentar los riesgos de un enfrentamiento entre españoles y la confusión política.

En este momento los Partidos políticos, el movimiento obrero, las organizaciones populares y profesionales, todo el vasto movimiento ciudadano mantenido en las catacumbas por la dictadura, de-